

Creo en Deus Todopoderoso

Creo en beber como unha lavativa
contra o silencio humano,
Creo nas avespas como concertos
en oídos non melómanos,
Creo nos rifles como inventos
para evitar o sorteo masivo de culpables,
Creo nos osíños de peluche como vasos comunicantes
privados do engano humano,
Creo en nós como dagas
que abren tortas nupciais en caída libre,
Creo nas guerras como homes de verde
sen xabón na xaboeira,
Creo na beleza como unha transición
con nacemento, crecemento, morte e reprodución,
Creo no sufrimento como un xogo
de encontros e desencontros,
Creo no odio como un substituto sinonímico
da casa, o coche, o iate e o Abraham Lincoln do veciño,
Creo en Tolstoi algo poderoso:
a felicidade consiste en querer sempre o que se fai,
Creo na venta como algo pernicioso
se é o castigo por ter feito presentes,
Creo na madurez
como un insecto sen ás,
Creo na amizade
como o horrible son tras a palabra adeus,
Creo na inmadurez
como unhas ás sen insecto,
Creo no anarcoretas
para aprender a estar calado en doce idiomas,
Creo en cincuenta e tres minutos extra
para acompañar o Principiño nun camiñar devagar cara á fonte,
Creo na corrente
do río cara abaixo,
Creo, en fin, na tiranía do neno,
feliz, ocupado e tenaz.